

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ



SEMANARIO DE

EDUCACION

DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO IV N.º 129

INFORME

## Bibliotecas na clase no comenzo do novo curso

Volveu setembro e volveu a vida ás escolas. A esas escolas, nas que se albiscan uns resultados nada favorables nas diversas avaliacións feitas polo Ministerio, encol da Area de Lingua no ciclo inicial. Cousa perigosa, sen dúbida, polo que ten de carga negativa para os rapaces, no desenrollo posterior da súa aprendizaxe escolar. Baixos niveis na expresión oral, na técnica lectora e na comprensión das lecturas que fan os nosos alumnos en xeral. E un, que anda metido alá polo Ciclo Superior, pode dar fe da veracidade do problema.

Non sei se isto terá moito que ver coas bibliotecas de aula, pero eu penso modestamente que si. Entendo que se está a facer unha aprendizaxe nada motivadora, demasiado lineal e excesivamente mecánica dunha área, en si mesma activa, chea de ricos matices e posuidora dun conxunto de vivencias potenciais verdadeiramente amplo. Sigo a falar, por suposto, en xeral. Que ninguén se me moleste.

E no medio de todo aparece a lectura, actividade básica para desenrola-la capacidade de comprensión, interiorización e comunicación no ser humano. Puntos que soañan valeiros e orfos se non acadamos que o heno sinta verdadeiro placer polo lido. Non convén esquecelo carácter recreativo que o acto lector contén de seu. E á marxe de moitas outras disquisicións, terá que quedar clara, a obrigación inequívoca do seu fomento na escola. Eu ben sei que non é doado loitar cos múltiples problemas, que aparecen, cando tomamos conciencia do feito. Televisión, vídeos, xogos dos ordenadores, pais que descoñecen os valores do libro, a propia resistencia dos nenos nun principio etc... poden ser atrancos importantes —pero superables perfectamente— na tarefa a desenrolar polo mestre. Mais esa concienzación no profesor, da que falaba antes, —sen a que nada será posible— vai se-la clave necesaria para conseguir uns resultados, que nos fagan sentir optimistas no noso labor educativo.



A. G. T.

Por iso, a creación dunha axeitada Biblioteca de Aula na clase, será unha actividade irremplazable, tendo en conta ademais, o nefasto funcionamento da Biblioteca Xeral dos Colexios.

### ¿EN QUE SE BASEARA A FORMACION DA BIBLIOTECA?

Sen ningunha dúbida é o mestre a persoa máis indicada para poñer os mellores libros nas mans dos seus alumnos. Debe coñecer os seus gustos, sabe as posibilidades de cada quen, estar ó día das diversas ofertas editoriais e facer de toda esta empresa, algo que latexe ben forte no pulso da clase.

Unha boa selección dos libros (editoriais posibles, contidos varios...) en base a supostos de calidade —endexamais de facilidades de ofertas que aparecen polos centros escolares— será o primeiro paso a dar. Orientar ós rapaces, sen imposicións —contraproducentes sempre— resaltando os valores dos libros, e axeita-los diversos títulos escollidos á madurez lectora dos nenos, que tes diante, serán as seguintes fases do proceso.

Convén, eso si, ter en conta algúns principios importantes neste arduo, pero gratificante traballo:

—A lectura é unha actividade a desenrolar, endexamais á marxe das outras. Convivirá perfectamente co xogo, co estudo, co deporte etc... Non estamos a facer pequenas partes independentes, senón un todo o máis rico posible.

—Aproveita-las asignaturas de Lingua (Castelá e Galega) para que haixa lectura silenciosa dos textos da biblioteca de aula.

—Responsabilizar ós alumnos para que expresen as súas opinións sobre libros lidos, salientando aqueles máis interesantes segundo as distintas preferencias. (Dez minutos en cada clase poden bastar, para que eles se expresen oralmente e que os demais quiten algunhas consecuencias positivas).

—Fomenta-las saídas a bibliotecas públicas e librerías dos nenos. Hai que lles facer coller cariño polo libro, xa que na meirande parte dos casos acompaña, diverte e estimula a capacidade intelectual do lector.

Teremos que evitar relacionar lectura con traballo, nota e resúmenes por sistema. O neno sentirase ceibe cando se enfrente a un libro. Disfrutar será unha premisa imprescindible.

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

Poderíanse dicir moitas cousas máis. Neste senso non viría mal botar unha ollada ó artigo: La biblioteca de aula: un mundo fascinante, publicado en "A Pizarra" o 6 de abril do presente ano, no que refiro unha experiencia de biblioteca de aula no ciclo superior da E.X.B.. Ai atoparíanse máis detalles da mesma, así como valoracións dos libros de maior aceptación no curso escolar 1985-86. PEQUENA GUIA DE LIBROS PARA FORMAR UNHA BIBLIOTECA NA CLASE

Quizais non sexa bo incluír frías listas de libros nos artigos. Mais eu, por unha vez, vou poñer algúns títulos importantes correspondentes ós distintos ciclos da E.X.B. Posiblemente non vaia descubrir moitas cousas á maioría da xente. Din que existen moitas bibliotecas xa —aquí eu permítome algunha dúbida— e que os problemas están ben despexados. Pode ser, Pero eu quería atraer a esa xente que, polo que fose, aínda non deu o primeiro paso. Que se animen. Sempre estamos todos escomezando.

Seguirei o criterio de poñer os libros (coleccións nalgún caso) atendendo ós diversos ciclos. Penso que a coordinación entre os profesores dos cursos dos mesmos é básica. Non se debe traballar "por libre"... a non ser que non haixa máis remedio. Facilitaré, asimesmo, libros en galego e castelán (importante, moi importante, crear unha biblioteca conxunta) misturando contidos e estilos ben diversos, así como unha escolma de volumes de poesía.

Que non se deixe a xente guiar por idades —moitas veces arbitrarias e só indicativas— nin pola comodidade de ter uns títulos a man, será algo fundamental.

Gustárame, por fin, que a lista, leva a ós mestres a un superior coñecemento dos libros incluídos, condición indispensable para ofrecer ós alumnos as obras máis adecuadas. Estou seguro que ben cedo cada quen poderá face-la súa propia lista. Este é o meu obxectivo. Acadalo correspondéndonos a todos.

### CASTELAN-CICLO MEDIO

- "Julietta, estate quieta". R. Wells. Altea.
- "El zapatero que quiso ser rico". T. Ross. Altea.
- "Emil". T. Ungerer. Alfaguara.
- "Otto es un rinoceronte". O.E. Kirkegard. Alfaguara.
- "El super zorro". R. Dahl. Alfaguara.
- "El Pampinolas". C. Armijo. Barco de Vapor, S.M.
- "Cepillo". P. Calders/C. Solé. Himsa.
- "El pequeño Nicolás". Sempé/Goscinny. Alfaguara.
- "¡Ay Filomena, Filomena!". M. Obiols. Juventud.
- Colección "Elige tu propia aventura". Timun Más.
- "El sabio rey loco y otros cuentos". E. de Lanuza. La Galera.
- "Sopa boba". Fernando Alonso. Austral Juvenil.
- "La gorda de porcelana". Isabel Allende. Alfaguara.
- "El hombrecillo vestido de gris". Fernando Alonso. Alfaguara.
- "Cuentos por teléfono". G. Rodari. Juventud.
- "Fray Perico y su borrico". J. Muñoz. Barco Vapor. S.M.
- "Las cosas del abuelo". J.A. Cañizo. Noguer.
- "La piedra arde". E. Galeano. Lóguez.
- "Ferdinando el toro". M. Leaf. Lóguez.
- "Historias de Ninguno". Pilar Mateos. Barco Vapor. S.M.
- "De un país lejano". Angela C. Ionescu. Labor.
- "James y el melocotón gigante". R. Dahl. Alfaguara.
- "Historias de Franz". C. Nöstlinger. Barco de Vapor. S.M.

### CASTELAN-CICLO SUPERIOR

- Colección Labor bolsillo juvenil. Leyendas varias. Ed. Labor.
- "La noche del viajero errante". J.M. Gisbert. Labor.
- "El extraño adiós de Odiel Munro". J.M. Gisbert. Labor.
- "La maravillosa medicina de Jorge". R. Dahl. Alfaguara.
- "Feral y las cigüeñas". F. Alonso. Noguer.
- "A la busca de Marte el Guerrero". J.A. Cañizo. Noguer.
- "El hombre de Sau". J. Cabré. La Galera.
- "Cuentos del Futuro". R. Bradbury. Lumen.
- "Asedio y caída de Troya". R. Graves. Lumen.
- "Cuentatrapos". V. Carvajal. S.M.
- "El tesoro del capitán Nemo". P. Climent. Noguer.
- "El amigo oculto y los espíritus de la tarde". C.L. Narvaez. Noguer.
- "Campos verdes, campos grises". U. Wolfel. Lóguez.
- "Negrita". O.J. Cardoso. Lóguez.
- "La casa de verano". A. Gómez Cerdá. S.M. Gran Angular.
- "La estrella de los cheroquis". F. Carter. S.M. Gran Angular.
- "La Jangada". P. Pelot. S.M. Gran Angular.
- "Una historia familiar". C. Nöstlinger. Alfaguara.
- "Jopa". J. Dodge. Alfaguara.
- "Una llamada de Sebastián". I. Korschunow. Alfaguara.
- "El misterio de la isla de Tokland". J.M. Gisbert. Austral Juvenil.
- "Mi padre vive en Brasil". T. Beckman. La Galera.
- "Boris". J. Ter Haar. Noguer.
- "Y un día será mañana". A. Vilar. La Galera.
- "El primer maestro". T. Aitmatov. Lóguez.
- "Los últimos niños". G. Pausewang. Lóguez.

## INFORME

## Biblioteca...

Ven da paxina 97

## CASTELAN-CICLO INICIAL

Colección Pan con Chocolate. Ed. Graó.  
 Colección cuentos populares. Ed. La Galera.  
 "El hombrecillo de papel". Fernando Alonso. Miñón.  
 "Jorge y Marta en la ciudad". J. Marshall. Austral. Espasa Calpe.  
 "Casos y cosas de gusano y mariposa". Beatriz Doumerc. Austral. Espasa Calpe.  
 "Zampano y su oso". Janosch. El Faro Azul. S.M.  
 "La canción más bonita". M. Bolliger. La Torre y la Estrella. S.M.  
 "Rufus". T. Ungerer. Alfaguara.  
 Colección César y Ernestita. G. Vincent. Timun-Más y Altea.  
 "La gran carrera". Colin McNaughton. Altea.  
 "El rey Babar". Jean de Brunhoff. Alfaguara.  
 "¿De quién es este rabo?". Barberis. Miñón.

## GALEGO-CICLO INICIAL

"A porta prohibida". X. Pisón. Galaxia. Tartaruga.  
 "Os ladróns das tixolas". X.A. Perozo. Galaxia. Tartaruga.  
 "Non podemos durmir". J. Estevenson. Xerais. Arroás.  
 "A noite despois de reis". J. Estevenson. Xerais. Arroás.  
 "Monty". J. Estevenson. Xerais. Arroás.  
 "Cali Cali e o oso". W. Gage/J. Estevenson. Xerais. Arroás.  
 "A galiña azul". C. Casares. Galaxia.  
 "Os chicharros maravillosos". Popular. A Galea. Galaxia.  
 "A cidade das estrelas". M. Company. A. Vergara. Dragón Vermello.  
 "O Xigante máis alto". Joma. A. Vergara. Dragón Vermello.  
 "O globo da lúa chea". M. Canela/C. Solé. A. Vergara. Dragón Vermello.

## GALEGO-CICLO MEDIO

"O cabaliño de buxo". X. Neira Vilas. Ed. do Castro.  
 "A meiga dona Paz". Antoniorrobes. Ed. do Castro.  
 "O buzón dos nenos". U. Heinze. S.M./Galaxia.  
 "Primeiro libro con Malola". X. Babarro/Ana M.ª Fernández S.M./Galaxia.  
 "Ingo e Drago". M. Lobe. S.M./Galaxia.  
 "O gato gaiado e a andoriña Señá". J. Amado. Xerais.  
 "O can Rin e o lobo Crispín". C. Casares. Galaxia. A chalupa.  
 "O pintor do vento". X. Pisón. Galaxia. A chalupa.  
 "O soldadiño de chumbo". Anderson. Galaxia. A chalupa.  
 "O día que choveu de noite". H. Villar Janeiro. Galaxia. A Chalupa.  
 Colección Rato Pérez. Varios títulos. Xerais.

## GALEGO-CICLO SUPERIOR

"Mitos e lendas da vella Grecia". A. Miranda. Ed. do Castro.  
 "Memorias dun neno labrego". X. Neira Vilas. Ed. do Castro.  
 "As cousas de Ramón Lamote". P. Martín. S.M./Galaxia.  
 "Alicia no país das maravillas". L. Carroll. Xerais. Xabarin.  
 "Sherlock Holmes, detective". A.C. Doile. Xerais. Xabarin.  
 "Billy Budd". H. Melville. Xerais. Xabarin.  
 "Viaxe ó centro da terra". J. Verne. Xerais. Xabarin.  
 "As aventuras de Tom Sawyer". M. Twain. Xerais. Xabarin.  
 "Arnoia Arnoia". X.L. Méndez Ferrín. Xerais.  
 "O segredo da pedra figueira". M.ª X. Queizán. Tintimán.  
 "Crónicas da verdade oculta". P. Calders. Xerais. Xabarin.  
 "Contos vellos pra rapaces novos". X.N. Vilas. Ed. do Castro.  
 "Cousas". Castelao. Galaxia.  
 "As geivotas do cabo Morás". X. Lorenzo. Ed. do Castro.  
 "Contos de lobos". Anxel Fole. Xerais.

## CICLOS MEDIO E SUPERIOR

"Romances de España". Sel de R. Menéndez Pidal. Austral J. Espasa-Calpe.  
 Colección "Alba y Mayo". Varios títulos. Ed. de la Torre.  
 "Canta, pájaro lejano". J.R. Jiménez. Austral Juv. Espasa-Calpe.  
 "La playa larga". J. Ferrán. Miñón.  
 "La voz de los niños". G. Celaya. Laia.  
 "Canciones y poemas para niños". F.G. Lorca. Bolsillo Juvenil. Labor.  
 "Yo voy soñando caminos". A. Machado. Labor.  
 "Cuaderno de música". J. Ferrán. Miñón.  
 "Tocar el cielo". E. Cardenal. Lóquez.  
 "Aire, que me lleva el aire". R. Alberti. Labor.  
 "Mis primeras lecturas poéticas". A. Gatell. Ed. 29.  
 "Rosalia cos rapaces". Escolma X. Filgueira Valverde. Xunta Galicia.

## LIBROS DE POESIA (Galego e castelán)

## CICLOS INICIAL E MEDIO

"Yo subía la escalera y otras rimas infantiles" Ilustr. N. Baylkey, Altea.  
 "Pito, pito, colorito". La Galera.  
 "Adiviñas" P.G. Boullosa. Galaxia. Tartaruga.  
 "Mentiras" P.G. Boullosa. Galaxia. Tartaruga.  
 "Canciones tontas" Ilustr. N. Bayley. Lumen.  
 "Cancionero infantil" Ed. de Bonifacio Gil. Taurus.  
 "Una, dóla, tela, catola". C. Bravo-Villasante. Miñón.  
 "Poesía española para niños". Sel. de Ana Pelegrín. Taurus.  
 "Risas, poesías y chirigotas" C. Armijo. Miñón.  
 "Lerías e enredos para os máis pequenos". Barrio/Harguindey. Galaxia.  
 "Os sonhos na gaiola". Manuel María. Ed. Celta.

## EXPERIENCIA

O proxecto pedagógico  
"A Renascença Urbana e a Escola" (Porto)Descobri-lo-encanto  
das pedras da cidade

MANUEL PINTO (+)

1. Xa lle acontecería, amigo lector, ter pasado anos e anos pola mesma rúa, e un fermoso día, bater coa man na testa e espantarse: "¿Como sería posible non ter reparado nisto?"

"Isto", tanto pode ser un azulexo antigo, como unha baranda de ferro forxado, unha clarabolla multicor, como unha cortina de ganchiño; máis pode ser tamén un novo ángulo nunca retido, un súpeto encadramento dunha certa árbore en certo Outono, ou un curruncho familiar que, nunha mañá del sol, descubrimos por formas de sociabilidade que xa xulgaríamos desaparecidas.

Parece haber aquí algunha lóxica: nunca (ou raramente) facemos "turismo" do noso propio espacio cotián. Cidade e aldea van perdendo a súa memoria común; nelas vanse matamorfosando espacios e tempos sin criterio, navegase á deriva entre o pasado e o futuro, entre a nostalgia e a ilusión.

Simplemente, non hai mar sinillas. Do tronco, supostamente enfraquecido, abrolla ás veces, inesperado, un gromo. E así a vida, a nosa vida. A nosa escola.

2. ¿Terá a escola que ver con todo isto? E posible intervir ou, polo menos, educar para a intervención? ¿Teremos xente disposta e preparada? ¿Medios e apoios para a empresa? A "historia" que aquí vos traio respóndese cun Si rotundo e, a pesar de todo, inequívoco. Ven acontecendo na cidade de Porto e os seus arredores, dada pola pomposa designación de "A Renascença Urbana e a Escola". Xerouse na íntima convivencia con preguntas semellantes ás que vimos de propoñer. Cando as preocupacións, os sonhos e os incentivos converxeron e gañaron raíces, naceu o proxecto pedagógico. O gromo. E o tempo dos froitos xa chegou.

No principio, eran unha media ducia os interesados, como acontece case sempre. En 1975, tiña habido o Ano Europeo do Patrimonio Arquitectónico. Nos anos seguintes, fóronse sucedendo, no ámbito do Consello de Europa, seminarios sobre planeamento urbano e educación ambiental. Veú, logo, en 1981-82, a Campaña Europea para o Rexurdimento da Cidade. E neste "terreo" internacional onde a experiencia portuense vai xerminando. Dende o comenzo a perspectiva foi clara: non se trataba de crear ou propoñer a creación dunha nova disciplina, senón dun "esforzo para introducir aspectos relativos ao ambiente urbano nas disciplinas tradicionais" ao nivel de ensino básico, desde a Historia ás Artes Visuais, a Xeografía, as Ciencias ou as Matemáticas.

A Educación para o Ambiente significa (ba) para os seus protagonistas a "utilización directa do ambiente como un medio para a comprensión, apreciación e conservación deste mesmo ambiente, preparando aos alumnos para actuar sobre el".

En varias escolas, predominantemente preparatorias, pequenos grupos interdisciplinares de docentes "agarran" o proxecto e desdóbranse nunha multiplicidade de iniciativas, todas elas norteadas pola mesma perspectiva: "experimentar, comprender, analizar e finalmente mellora-lo ambiente construído":  
 - "dá-lo tema" dos transportes visitado os STCP e vianxando en autobús;  
 - "dá-las comunicacións" a través dunha visita aos CTT/TLP e facendo a estes viren á escola;  
 - estudia-las diversas actividades económicas, como por exemplo o comercio, mediante un estudio feito polos alumnos, das características dos diferentes locais de compra e venda na área de inserción do establecemento de ensino;



COLLAZO

- estudia-la evolución da industria a través dos vestixios dunha vella e secular fábrica de cerámica e aproveita-la oportunidade para coñecer herdeiros "marxinais" da arte de traballa-lo barro, como son os "santeiros" e "cascateiros";

- coñecer, por medio dunha enquisa, o barrio no que a escola está implantada, procurando estudar solucións para algúns dos problemas suscitadas polos veciños;

- aproveita-lo estudio de determinado monumento, praza, eiresa ou xardín para dar disto coñecemento aos habitantes da localidade, dándolle elementos de índole, por ventura máis erudita e recibindo, sobre todo por parte dos máis vellos, as historias vividas, aquelas que fan ollar as persoas e as cousas con encanto e misterio;

- eis algunhas das realizacións que, non chegan para dar unha idea de todo o que ten sido (discretamente) esta experiencia.

3. Estas "cousas" da educación e da innovación pedagóxica non se fan sin dedicación, sin resistencia, sin apoios e sin solidaridades.

Se hai consellos directivos abertos e colaboradores, outos hai que "ollan de lado" estas iniciativas (Liera nos, Domine!) que quebran a rutina e (Deus!) fan da rúa, local de aprendizaxe e educación. Nin todo os pais entenden a importancia de educar e aprende-lo corpo e os sentidos, o espírito crítico e de observación, o despertar para a vida cívica.

A formación dos profesores anda aínda, como é sabido, moi alonxada das modernas concepcións e prácticas pedagóxicas (por isto a atención que os responsables deste proxecto, que é coordenado por Havriela Nieto e que funciona no ámbito de Delegación no Porto da Dirección Geral do Ensino Básico, ven dando a esta dimensión).

Finalmente, estes "camiños non andados" fanse con contactos máis amplos (nacionais e internacionais) e coa preocupación dunha avaliación permanente e unha capacidade teorizadora do xa realizado (por isto o traballo de sistematización ben patente nos tres números xa editados, da revista de igual nome ao do proxecto).

4. E así vaise facendo o tal "turismo" do noso propio espacio cotián. Con este pormenor aliciente e esencial: eses turistas trocaranse, neste espacio, actores dun tempo de acelerada mudanza. O que xa non é pouco. A que é a principal tarefa da escola.

(+) Manuel Pinto é redactor do **Correio Pedagógico**. Río Tinto (Portugal).

CONVERSA

Entrevista con Francisco Fernández Buey

## Sobre filosofía, ética, pacifismo y renovación pedagógica

M.V.F.

Paco Fernández Buey es, sin duda, uno de los más destacados entre los discípulos del desaparecido Manuel Sacristán, continuador de su obra y de sus ideales a través de la revista "Mientras Tanto" y la participación activa en el movimiento pacifista español. Su intervención en la ya lejana Semana de Filosofía de Pontevedra constituyó un vivo homenaje a la memoria del maestro, que sirvió, al tiempo, para plantear algunas de las contradicciones básicas del pensamiento progresista aquí y ahora. Aprovechando su estancia, pensamos que tendría un indiscutible interés unir su voz a nuestra particular encuesta, a través de las páginas de A PIZARRA, sobre la opinión que nuestros pensadores tienen sobre el futuro de la Filosofía y las clases de Ética en el bachillerato.

Comenzamos solicitándole su posición respecto del futuro de la enseñanza de la Filosofía. Entre las respuestas recogidas en entrevistas anteriores —le indicamos—, las de Mosterin y de Gustavo Bueno podrían tomarse como representativas de las posiciones extremas: para el primero sólo unas pocas asignaturas —fundamentalmente los lenguajes: el natural y el matemático— deberían ser obligatorias en la enseñanza media; las demás, incluida naturalmente la Filosofía, podrían ser, en todo caso, opcionales. Para el segundo, por el contrario, no sólo se debe mantener la filosofía, sino además evitar su sustitución por lo que él llamó "sucédaneos", como la antropología, la psicología o incluso la lógica formal. ¿Cuál sería su ubicación particular?

—F.B.— Yo, la verdad, también sería partidario de suprimir la filosofía en el bachillerato. A mi me parece que el sentido que pueda tener la filosofía en las sociedades actuales es el de ser un pensamiento adjetivo, es decir, el de ser una reflexión de segundo grado, una reflexión sobre conocimientos sustantivos de verdad. La experiencia que hemos tenido sobre conocimientos sustantivos de verdad. La experiencia que hemos tenido hasta ahora en el bachillerato en España es, por una parte, cursos de filosofía en

los cuales lo más que se puede hacer (al menos esa es mi experiencia) es repartir unas cuantas píldoras que, cuando se trata de historia de la filosofía, generalmente quedan reducidas al pensamiento antiguo y moderno, y prácticamente no pueden llegar al contemporáneo. Por otra parte, la reflexión filosófica a mi me parece que tiene que ver con un rasgo característico de la naturaleza humana, vamos a decirlo así, pero insisto en que tiene que ser no una reflexión de tipo genérico o abstracto, no como un saber sustantivo superior, sino como un saber de algo. Entonces, sería mucho mejor que eso fuera opcional en la Universidad, y volver a la vieja idea de que no hubiera propiamente una sección de Filosofía, sino un Instituto de Filosofía que reuniera a diferentes personas, científicos prácticos, políticos interesados en la reflexión y en las consecuencias morales de su práctica, etc., sobre la base de programas de investigación concretos. También estoy de acuerdo con la consideración de Mosterin de que tal vez lo que tendría sentido en los estudios de bachillerato sería la lógica formal, porque me parece que intentar recuperar la, digámoslo así, cultura humanística, que se está perdiendo en nuestras sociedades como consecuencia de la informatización y de las ciencias más o menos formales, por la vía del mantenimiento del saber filosófico es una "contrautopía" que sólo puede conducir a la generalización de muy poco saber entre muchas gentes, pero no a la pujanza a la reflexión filosófica.

P.—Pasando a la disyuntiva que se le ofrece al estudiante de bachillerato, de tener que escoger entre Ética y Religión: ¿le parece justa, razonable? Y, en cualquier caso, ¿cree que la Ética debe tener un lugar en los estudios del bachillerato?

F.B.—Yo creo que eso es también una equivocación. Considero que la Ética, en la medida en que se pueda exponer de una forma ordenada, tiene escaso interés. Tiene mucho más interés en cuanto actividad práctica. Por tanto, tal como se ha introducido en el bachillerato es simplemente para dar satisfacción, de una

manera indirecta, a la contraposición que empieza a existir, en un determinado momento, en el paso de un Estado confesional a un Estado laico. Y esa es una fórmula que en mi opinión es mala en un doble sentido: primero, porque la Ética, en general, en este país se ha identificado casi siempre con el pensamiento religioso tradicional; y segundo, porque con eso a los jóvenes que quieren tener, y que probablemente deberían tener, un conocimiento de lo que han sido las tradiciones religiosas, se les priva de ese conocimiento, razón por la cual acaban convirtiéndose a sectas más o menos religiosas que hay por ahí. Yo creo que sería mucho mejor solución, desde luego, suprimir la asignatura de Religión, tal como existe actualmente, y que hubiera en cambio una asignatura de Historia de las Religiones, explicada desde un punto de vista laico, tal como ocurre en otros países europeos. Es decir, que especialistas en Historia de las Religiones, que no tienen por qué ser religiosos ellos mismos, dieran el bagaje de conocimientos suficientes para no privar a los chicos de una parte que es parte de la cultura de la humanidad. Y suprimiría, desde luego, la asignatura llamada Ética. Para mí la Ética es algo que no tiene sentido enseñar ni en la enseñanza media, ni en la universidad. Eso es algo que se aprende en la actividad cotidiana, salvo que se piense en algo así como una sistematización de la Ética, o su conversión en un planteamiento científico, lo que me parece algo absurdo.

P.—Usted está implicado en el movimiento pacifista. Hay sectores de este movimiento especialmente comprometidos en impulsar una educación por la paz, y hay quien defiende que precisamente el ámbito de la clase de Ética es muy valioso para impulsarla, mientras otros opinan que la educación por la paz no es concebible de forma coherente como una asignatura. ¿Con qué posición se identificaría usted?

F.B.—Yo pienso también que es una equivocación concebir estas cosas con criterios "asignaturistas". A mi me parece que el criterio según el cual, cada vez

que hay un tipo de demanda sobre determinados problemas, hay que crear una determinada asignatura que tenga una relación directa con eso, sea en la enseñanza media o en la superior, es un error. Ese es el camino que lleva constantemente a una escolástica en todo. El problema habría que abordarlo en otro sentido. El problema es, para empezar, cómo educarnos para la paz a los que hemos de educar para la paz. Porque aquí, como en todo, hay un problema previo de profesorado, es decir, cómo crear una cultura de la paz para explicar a los niños, si previamente todos estamos convencidos de que tendríamos que hacer un esfuerzo para modificar nuestras formas y modos de vida característicos, que se han formado en un tipo de cultura más bien belicista y militarista. El trabajo que, por tanto, se puede hacer es un trabajo muy "por abajo", muy desde el tejido social, muy desde nosotros mismos. Pero yo soy contrario a la institucionalización de eso en una asignatura. Estoy convencido de que la mayor parte de los chicos lo verían simplemente como otra "maría", como en un tiempo fue la "Formación del Espíritu Nacional", y como mucha gente ve ahora la Ética, claro.

P.—Una última pregunta. En los movimientos de renovación pedagógica cabría distinguir dos actitudes en relación a la educación por la paz: uno, conectado con los planteamientos de la "escuela nueva", que hablan de la autonomía del niño, etc., y que consideran que esta educación por la paz es contradictoria con cualquier tipo de actitud dirigista o autoritaria en la relación profesor-alumno; el otro, tiende a considerar que el contexto social negativo es tan poderoso que si se cede a la autonomía del niño éste no hará sino reproducir los elementos que ese contexto le transmite, y según eso el educador por la paz está obligado a ser, para oponerse a esta presión, algo—algunos dicen que mucho— dirigista...

● PASA A LA SIGUIENTE

LIBROS

## Las ensoñaciones necesarias para ahuyentar la soledad

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

EL AMIGO OCULTO Y LOS ESPIRITUS DE LA TARDE. Concha López Narváez. Edit. Noguer. Col. "Cuatro vientos". 137 págs. Lectores a partir de 11 años.



Vayamos por partes. "Cuatro vientos" es una interesante colección, de la Editorial Noguer, en donde, han ido apareciendo de forma lenta —pero segura— títulos importantes de autores extranjeros tan prestigiosos como Michel Tournier, Bohumil Riha, Scott O'Dell, Bashevis Singer, A. Manzi, R. Dahl, etc. o españoles de la categoría de M. del Amo, P. Mateos, J.A. del Cañizo, Rafael Morales, Lolo Rico o Pilar Molina, pongo por caso, entre otros.

Concha López Narváez es una magnífica escritora de relatos, a la que se le nota profundamente su especialización en Historia y que una de sus mayores debili-

dades es vivir en el campo. "La tierra del sol y la luna" y "El amigo oculto y los espíritus de la tarde" son buenas muestras de lo que acabo de decir.

Precisamente de esta última obra, editada por Noguer, ganadora del Premio Lazarillo 1984, trataré de hablar en este comentario.

La autora nos cuenta en este libro una preciosa historia. Una historia, además, repleta de características, que la hacen intrínseca y en muchos momentos entrañable. Aventura, misterio, amistad, preguntas sin respuestas inmediatas, humanidad... se unen a una tensión narrativa admirable, que te introducen de manera sutil pero irreversible en los distintos valores del relato.

Miguel es un chaval, que vive con su abuelo en un pueblo, Carcueña, en donde todo el mundo se ha marchado. Un traidor viento de poniente derribará al abuelo, cuando subido al campanario intentaba reparar las tejas caídas de la cubierta de la iglesia. Aquí, empezará el zagal a crear su propio mundo, conformado entre la realidad de la tarea cotidiana para subsistir y las ensoñaciones fantásticas de amigos y habitantes —en otro tiempo—

de Carcueña. La fuerza de su mente le llevará a disfrutar de aventuras increíbles (la del José María y su caballo "Medialuna" por ejemplo) contadas como si hubiesen sido vividas y no como producto de una poderosa imaginación. Estas ensoñaciones, junto a la sensación de sentirse vigilado, primero, y ayudado después, por alguien desconocido a quien llamará Amigo, hará que nuestro protagonista deje de sentirse solo. Personajes como el citado José María, el Lobo, los perros Canelo y Lirio o los forateros, que un día llegan al pueblecito abandonado, e moverán entre aventuras, sorpresas, sobresaltos y decepciones nunca al margen de Miguel.

La narración no está exenta de la presencia activa de animales, que juegan papeles decisivos en el acontecer de los hechos: Catalina, una burra fiel o la historia emocionante de la vieja perra de Martín el Loco, denotan un entrañable amor de la autora por ellos.

Motivo de debate o de diálogo, simplemente, en clase pueden ser ciertas reflexiones del protagonista, en torno a las causas de querer vivir en el pueblo sin compañía: la falta de comprensión de la gente de la ciudad, la sensación del aldea-

no de sentirse distinto cuando abandona el campo, así como discutir los porqués de esas masivas huidas al mundo urbano.

Esto, por supuesto, es complementario. Lo básico va a estar en que el lector quedará interesado, desde el principio, en la trama del relato. De eso no me cabe la menor duda.

Concha López Narváez utiliza un lenguaje rico, de una gran expresividad y viveza, que denota, además, un gran conocimiento del entorno en que se desarrolla la narración. De ahí el uso de palabras como: "aviar", "trochas", "apriscos", "pozales", "pinada", "riato", "zalagarda", etc., que nos meten mucho más en el espacio físico de la acción. A esto habrá que unir un estilo de cierto sabor a ñejo y agreste, que se manifiesta en expresiones como: "La Rosa", "el José María", "Y si dijéranme que no?" o en la referencia a tradiciones de corte popular.

Las ilustraciones, en trazos negros nada perfeccionistas, son muy adecuadas al carácter del libro y ponen, una vez más, de manifiesto la categoría como ilustrador de Teo Puebla.

En conjunto se consigue un magnífico libro que merece la pena leer.

## CRONICAS DO ZAHIR

## Alicia no país dos tópicos

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

A obra de Lewis Carroll é -todo o mundo o sabe- un clásico da literatura infantil. En realidade, é moito máis ca iso: é un clásico da literatura universal, a secas, unha obra dunha complexidade extrema. De feito, moita xente, que xuzga as cousas só polos tópicos recibidos, sorprenderíase de sabe-lo pouco que as **Alicias -Alicia no país das maravillas, Alicia a través do espello** (en Galicia témolas magnificamente traducidas en edicións Xerais, a primeira premio á mellor tradución do ano 1985) son lidas polos nenos, desgraciadamente, pero o moito que o son polos adultos.

Pero os grandes medios de comunicación -o cine, a televisión, os tebeos- funcionan tamén en grande medida a partir deses mesmos tópicos establecidos. Así que, cando se trata de facer un produto "infantil", de sotaque recorren as obras tradicionalmente consideradas para nenos. As veces acertan, e os resultados nos desmerecen dos modelos literarios. Pero a máis das veces a consecuencia é unha verdadeira depredación do material literario, que se foi tomado como "infantil" en función de determinado tópico transmitido pola tradición, logo é infantilizado de acordo cos tópicos que sobre o que é ser "infantil" teñen os responsables da versión en imaxes. E como, naturalmente, xeralmente aquilo que de máis complexo e rico ten a obra de base -aquilo que xustamente fai de la unha obra mestra, un produto único- non se axeita a eses tópicos sobre "o infantil", o resultado final é unha intolerable desfeita, tanto máis grave canto -como se ten sinala-

do repetidas veces- crea no neno espectador a falsa conciencia de coñece-la obraliteraria. O neno, a remate, non le o libro porque xa o sabe de velo pola televisión.

Tal é o que lle acontece á **Alicia** de Carroll na versión televisiva que se está a pasar este verán por TVE. Aparentemente, os guionistas seguen escrupulosamente o orixinal. Tomemo-lo capítulo da partida de críquet: as secuencias semellan seguir puntualmente o orde da novela: os naipes que pintan as rosas, a aparición da rainha de corazóns, a función dos ourizos e garzas na peculiar partida, a intervención do gato de Cherkshire, etc. Pero son xustamente as alteracións miúdas as que modifican o espírito de toda a obra. Para empezar, cada capítulo -este tamén- é introducido cun mesmo recurso retórico: Alicia xoga no xardín, e algún obxecto fáille pasar do mundo real ao "país das maravillas"; este, xa que logo, fica convertido no resultado da mente fantasiosa dunha nena moi imaxinativa. Primeiro tópico: a fantasía é característica da mente infantil, así que fagamos que sexa a nena -nete caso Alicia- quen troque en fantástico o real. Sería moi longo explicar en que medida isto traiciona o espírito da **Alicia** de Carroll. Abonda con dicir que ese recurso retórico uniformizador non aparece no libro.

Outro tópico: o coello branco convertido en mascota que acompaña permanentemente a Alicia. Do mesmo estilo é a tendencia, na serie televisiva, a facer que todos os bichos falen, ao xeito dos animais antropomorfizados "disneyanos", modelo derradeiro da meirande parte das

series de deseños animados. Haberá que remitir outra vez ao libro para facer ver que son poucos os animais parlantes, e moitos os que permanecen na súa condición estricte de animais.

Outro: a tendencia a amolece-las relacións entre os personaxes. Mesmo nunha obra tan (aparentemente) branda como **Alicia**, os adaptadores sentíronse obrigados a limar certas agresividades seguramente consideradas pouco "infantis". Por exemplo, o despotismo e a violencia gratuita da rainha de corazóns -unha estúpida parodia da violencia do poder- sofre no episodio televisivo certa matización atenuadora: por exemplo, só da a súa famosa orde "¡Que lle corten a cabeza!" unha soa vez.

E finalmente, **last but not least** (e nin sequera **last**, porque só o espacio nos obriga a non proseguir a lista de agravios), a imposición do **happy end**, tópico entre os tópicos. No episodio que comentamos Alicia, naturalmente, vence á rainha de corazóns na partida de críquet, amais de "salvar" aos pobriños ourizos e garzas da súa lamentable condición. Alicia convertida nunha vulgar "supermana" protectora de bichos desvalidos...

Sen dúbida, debería existir unha lei que protexera ao patrimonio cultural universal deste tipo de agresións. Se non se fai axiña, corremos o risco de que as xeracións vindeiras confundan as Alicias e as Heidis entre si, e a ambas -duas as teñan por unhas teresitarabais cualquieras. Matinen vostedes sobre o perigo enorme que nos amenaza. Quen avisa...

## TABOEIRO

## Novidades sobre transporte escolar

M.B.R.

O curso que comeza trae novidades na cuestión do transporte escolar. Un Decreto da Consellería da Presidencia (D. 203/1986, do 12 de xuño, D.O.G. núm. 132, de 9 de xullo de 1986), define un novo marco legal para a prestación dos servizos do transporte escolar, co obxectivo de "evitar a disparidade de normas que regulan o transporte escolar e que, por isto, deben adaptarse con fin de que, respetando as xeneralidades que o viñan rexendo, permitan incorporarse as peculiaridades que teñen de seu a nosa Comunidade".

O decreto establece que terán dereito ao transporte escolar "a/e desde os centros públicos os alumnos dos niveis obrigatorios e/ou gratuitos que teñan os seus domicilios fóra do núcleo urbano no que estea situado o centro escolar e en calquera caso a unha distancia do mesmo superior a 2 Km", (lembramos que a distancia para o resto do Estado está dixada en 2,5 Km).

Establece que excepcionalmente e por causas de especial incomodidade ou dificultade, a Consellería de Educación poderá autorizar a prestación do transporte aínda que non se cumpran os requisitos anteriores.

Dispónse que a Consellería de Traballo, Industria e Turismo arbitrará as medidas necesarias para garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade do transporte escolar.

Outra das novidades, que no curso pasado fora ensaiado nalguns centros, a nivel experimental, e que supuxera a oposición dalgúns asociacións de pais de alumnos é o tema do doblaxe. Así, o Decreto sinala que para dar cumprimento ao disposto e conseguir a máxima utilización dos vehículos, salvo casos excepcionais, "cada un deles (-dos autobuses-) realizará un mínimo de dous itinerarios nun ou máis centros escolares".

Outra das novidades referidas ao transporte escolar, é o estudio xeral de carácter técnico sobre este tema na Comunidade Autónoma Galega. (Resolución do 16 de xullo de 1986, D.O.G. núm. 144, 28 de xullo de 1986).

Este estudio, presupostado en sesenta e cinco millóns de pesetas, e que será contratado por adjudicación directa, deberá abranguer tanto a mellor prestación do servizo do transporte coma as posibles medidas que se adopten para a súa realización nas mellores condicións económicas.

O estudio deberá comprender unha análise do servizo na actualidade, "que deberá plasmar cartográficamente, unha nova planificación dos servizos con propostas de itinerarios e paradas, e un estudio sobre mellora da seguridade no transporte".

## Sobre filosofía, ética, pacifismo...

## ● VIENE DE LA ANTERIOR




F.B.- Yo, desde luego, para empezar estoy en contra del dirigismo y de cualquier tipo de enseñanza autoritaria. Este es un punto que comparto con los movimientos de renovación pedagógica, y a estas alturas me parece que es una conquista cultural de buena parte de la sociedad. Dicho eso, y aunque estoy relativamente alejado de la onda de esos movimientos, en cuanto a los resultados a que ha dado lugar en la práctica, el movimiento mismo soy bastante escéptico. Entre otras razones, por la siguiente: la corriente que se ha impuesto en el movimiento de renovación pedagógica -por lo menos en lo que yo conozco más directamente, en el caso de Cataluña- ha sido una corriente dogmáticamente piagetista, en el sentido de considerar de una manera muy estricta, por un lado las diferentes etapas en la formación psicológica del niño, y por otro en considerar, también muy dogmáticamente, la idea de que lo

importante es la creatividad, que todo se aprende jugando etc. Las consecuencias, por lo que yo conozco a través del caso de mi propio hijo, al que he tenido que sacar de dos escuelas de esas, son bastante negativas. Creo que ahí se ha caído en un extremismo absurdo, y es que conocer cuesta trabajo; y eso no es un problema de autoritarismo, es un problema de autodisciplina y de orden, de orden intelectual. Yo pienso que el desorden intelectual conduce también al desorden moral, como decía Gramsci, que es mi fuente de inspiración en este punto. Entonces, vistas las cosas así, tampoco me parece que el recoger la temática de la educación por la paz e incluirla un punto más en los programas de renovación pedagógica sea suficiente. Yo creo que hay que discutir mucho más a fondo la función que juega en la actualidad la escuela en relación con lo que es la transmisión de conocimientos en otros sentidos más tradicionales, en los cuales juega la familia, el juego con los compañeros etc. Y no se puede adoptar una actitud dogmática respecto de la educación para la paz con los

niños. Ejemplo que se me ocurre inmediatamente: estoy harto de ver como cada año hay una campaña en contra del juguete bélico financiada y potenciada por los mismos que luego están a favor de la OTAN. ¿Por qué? Porque oponerse al juguete bélico es una cosa muy sencilla, y oponerse al belicismo es mucho más complicado. Hace un mes he asistido a un congreso de las corrientes renovadoras vinculadas a la educación por la paz en Italia, donde he visto algo que ratifica lo que acabo de decir: por una parte, se pone mucho el acento en los aspectos estrictamente didáctico-pedagógicos del asunto, y cuando media hora después nos ponemos a discutir acerca del referéndum OTAN en España, los mismos tios que estaban defendiendo aquello, se me ponen a defender la Alianza Atlántica como una necesidad a la cual tenemos que someternos, y a decir que los españoles somos unos viejos aislacionistas, como lo hemos sido durante toda la vida, pretendiendo votar NO. Es una contradicción que yo creo que el movimiento de renovación pedagógica está arrastrando.

## MAXISTERICO

PEPE CARREIRO



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

